

ESTRATEGIAS DO DESPRAZAMENTO. ANTONI MUNTADAS

Miguel Anxo Rodríguez González

Universidade de Santiago de Compostela

Exposición *Muntadas. Estratexias do desprazamento*

Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)

Santiago de Compostela, 17 de febreiro – 17 de xuño de 2018

Comisaria: Alicia Chillida

Vivimos nunha época na que os medios de masas e os novos dispositivos tecnolóxicos determinan a imaxe do mundo das persoas. Esta vén marcada pola velocidade, polo carácter fragmentario e a superposición de impresións, sempre penetrada polos discursos textuais e a memoria. O noso adestramento actual nos modos de navegación e na lóxica da hiper-conectividade non fixo se non acentuar un proceso que sociólogos como George Simmel tiñan estudado en relación coa percepción do mundo urbano de inicios do século XX. Na actualidade a produción e o consumo das imaxes estarían caracterizados, segundo Juan Martín Prada, pola inmediatez, a aceleración da visión, a atención dispersa “en modo multitarea”¹. Neste contexto, o traballo artístico de Antoni Muntadas preséntase como unha intervención crítica que opera pola vía da ralentización: os seus últimos proxectos, presentados na exposición *Estratexias do desprazamento*, son un intento de se achegar á representación da paisaxe desde un posicionamento crítico con respecto aos modos de enunciación característicos dos *media*. Muntadas fala de “tomar distancia” con respecto ao modo de representación predominante: “*Estratexias do desprazamento* levoume a ler imaxes de territorios e lugares que toman distancia coa paisaxe dos *media*, para reflexionar sobre outras problemáticas máis relacionadas con outras paisaxes”².

A parte central da exposición, presentada en febreiro de 2018 no Centro Galego de Arte Contemporánea, estaba ocupada por tres vídeos,

proxeccionados en salas escuras e independentes, co que se acentuaba a singularidade de cada peza. *Dérive Veneziane* (2015, 38 minutos) é unha película realizada a partir da unión de longos *travellings* gravados de noite desde unha pequena embarcación, na cidade italiana, “un *travelling* sen principio nin fin”, como indica no texto para o catálogo Alicia Chillida³. *Guadiana* (2017, 1h 5 minutos) é unha gravación aérea, que percorre un tramo do río Guadiana en territorio estremeño, amosando a paisaxe árida con imaxes de grande luminosidade, con cores intensas e contrastes vivas entre o azul verdoso da auga e as múltiples gradacións de ocre e amarelo das marxes. *Finisterre* (2017, 27 minutos) é unha peza producida polo Centro Galego de Arte Contemporánea para esta exposición, que pecha así esta parte central da mostra. Esta última garda algunhas semellanzas, pero tamén presenta diferencias con respecto ás pezas precedentes: como elas, remite a un movemento lento, a unha ollada que esvara moi de vagar pola paisaxe; diferénciase en que aquí a cámara é estática, mantívose fixa nun punto no que filmou durante as 24 horas dun día o horizonte marítimo, en plano fixo, un minuto cada hora. O encadeamento destas tomas permite reconstruír a incidencia da luz solar ao longo do día nunha paisaxe case baleira, unha imaxe do océano dividida pola liña do horizonte (o ceo /60, o mar /40), a penas alterada polo paso lento de barcos.

En *Finisterre* o protagonismo absoluto é para a luz, unha luz que desvela a paisaxe marítima a través do xogo de gradacións sutís e

parsimoniosas. O elemento humano está reducido ao mínimo: os barcos minúsculos que, ao pasar, deixan estelas que van esvaecendo moi lentamente. Nestas imaxes de Muntadas o ton poético predomina e recorda a algunhas producións de creadores adscritos a iso que se deu en chama “novo cinema galego”, como Lois Patiño, Xisela Franco ou Carla Andrade. Nestes, a natureza ten tamén unha presenza imponente, impón o *tempo* propio dos seus ciclos, pero o elemento humano non se elimina por completo, aparece de modo marxinal, para servir de contrapunto.



Muntadas, Antoni, *Finisterre*, Vídeo, Color Pal, son, 27', 2017. Fonte: Muntadas. *Estratexias do desprazamento*. 2018. Santiago de Compostela: Centro Galego de Arte Contemporánea

“Cambio de marcha. Pausa. Perderse. Desaparecer. Irse”⁴. Estas palabras, escritas polo propio artista, serven de preámbulo no catálogo da exposición de Santiago de Compostela, e axudan ao espectador a comprender mellor un proxecto audiovisual que supón, en certo modo, un punto e aparte na traxectoria do artista catalán. Fronte ás obras anteriores, centradas na investigación sobre a linguaxe dos medios, e a posta ao descuberto de códigos e dispositivos que enmarcan os espazos de interacción institucionalizados, estes tres vídeos sobre a paisaxe introducen un distanciamento marcado pola pausa, pola renuncia á análise, pola invitación a unha contemplación distinta, reflexiva. A diferenza con respecto a traballos anteriores vén dada tamén pola case total ausencia do elemento

humano: nin diálogos, nin o rexistro do transcorrer da xente, só a súa marca na paisaxe.

En cada unha destas tres videoproxeccións a imaxe acompáñase por unha selección de citas, de frases extraídas de libros de Guy Debord, Paul Virilio e Giorgio Abamben respectivamente. A deriva, a percepción subxectiva do tempo e a viaxe centran ese acompañamento especulativo e revisiten dunha tonalidade reflexiva esta sucesión ou cadencia de imaxes; proporcionan –en palabras de Agamben– “un movemento de reflexión, un salir de sí y un regresar a sí”.

Dérive Veneziane remite aos exercicios de desprazamento non orientado dos situacionistas, á deriva como ferramenta da análise *psicoxeográfica* da cidade. De feito, o británico Ralf Rumney chegou a realizar un destes exercicios en Venecia, publicado en 1958 en forma de fotodocumentación comentada na revista *Ark*, da Royal Academy de Londres⁵. Este tipo de prácticas implicaba o despregamento de dispositivos de encontro e interacción social, abertos ao inesperado. A creación de situacións levaba á interrupción e alteración da circulación e dos fluxos habituais nas cidades. Pero, a diferenza da deriva dos situacionistas –e a pesar de que Muntadas utilice neste vídeo algunhas citas de Debord–, aquí o elemento poético do discorrer nocturno pola cidade predomina sobre a noción de *situación*, que era un dos obxectivos que perseguían os do grupo de vangarda nos anos cincuenta e sesenta. A cidade de Venecia vaise ofrecendo, na obra de Muntadas, de modo fragmentario, con toda a súa decadente beleza, con fachadas iluminadas parcialmente que se van sucedendo, algunha porta entreaberta, reflexos escintilantes da luz artificial na auga, os peiraos...

Concibir o traballo creativo desde a asunción dun tempo lento que se contrapón ao ritmo acelerado dos *media* é hoxe en día unha estratexia que comparten moitos artistas plásticos e audiovisuais. O traballo sobre o tempo erixese en prioritario e demostra a súa centralidade nos discursos artísticos actuais. Isto implica unha consideración sobre a súa importancia na construción de imaxinarios: os medios interveñen nas subxectividades non só a través de imaxes e discursos, que conforman mentalidades, se non a través da insaturación dunha determinada pauta temporal

que determina uns modos de comportamento e de interacción. Introducir outra temporalidade, pausada, implica unha proposta crítica cunha evidente dimensión política, como recentemente ten sinalado Mieke Bal.⁶

Estratexias do desprazamento ocupaba o primeiro andar do CGAC e compúñase dunha selección de pezas realizadas por Antoni Muntadas entre 1995 e 2017. Este marco cronolóxico ábrese e péchase con dúas videoproxeccións: *La siesta/The Nap/Dutje* (1995) e *Finisterre* (2017). O conxunto compúñase de fotografías e vídeos, algúns deles pertencentes a series nas que traballou ao longo dos anos, en períodos extensos de tempo, como *Doble Exposure* (1998-2007) ou *On Translation* (desde 1995).

On Translation é un proxecto múltiple, multimedia e transnacional⁷. Trata sobre tradución cultural y comprende desde imaxes de salas de reunión en organismos internacionais, ata divisas, mapas políticos, categorías de coñecemento, ou códigos de cores, considerados como elementos significativos desde un punto de vista semántico. Antoni Muntadas examina –en palabras de Mary Ann Staniszewski– os “arquetipos da modernidade”, a través de proxectos complexos e poliédricos, como *On Translation*, *CEE Project*, *Exposición / Exhibition*, *Between the Frames*, ou *The File Room*, co fin de “hacer visibles los marcos y convenciones sociales en los que se crean el significado y el valor”⁸. Trátase, en definitiva de mostrar todo un contexto de convencións sociais e de códigos que acompañan os espazos de negociación e diálogo, que inflúen nos exercicios de tradución intercultural. Como indica Alicia Chillida, “Muntadas acode, desde os seus inicios, á estratexia de baleirar e subtraer para facer visible o contexto e analizar o contido da forma cultural”⁹.



Muntadas, Antoni, *On Translation: Miedo/Jauf*, Videoproxección, 52' 18", 2007. Fonte: Muntadas. *Estratexias do desprazamento*. 2018. Santiago de Compostela: Centro Galego de Arte Contemporánea

A aparente neutralidade destes espazos de negociación, que afecta tamén ao rexistro dos “non lugares” característicos do mundo globalizado, contrasta coa tensión emotiva despregada en dous vídeos que se presentan na exposición: trátase de *On Translation: Fear/Miedo* (2005, 30 minutos) e *On Translation: Miedo/Jauf* (2007, 52 minutos). Estas obras fálannos de fronteiras e de contextos problemáticos, lugares onde se exacerba a noción alteridade e estranxeiría. Son vídeos realizados a modo de investigación socio-política, o primeiro na fronteira de EEUU con México e o segundo nas dúas beiras do estreito de Xibraltar. En ambos os dous casos o artista confronta imaxes que contextualizan este territorio fronteirizo (paisaxes naturais e dispositivos de seguridade) con fragmentos entrevistas onde se fala do medo, esa emoción ou “perturbación angustiosa” que acompaña ao ser humano desde sempre.

O contexto é fundamental para entender estas obras. Como sinala Mar Villaespesa, o contexto –de produción e de investigación– ten un protagonismo fundamental en Muntadas e dá sentido aos seus proxectos¹⁰. Pero nestas obras o artista establece unha aproximación á experiencia individual e á interpretación do medo: Muntadas advirte de que non é o contexto xeográfico ou a realidade da emigración o que lle interesa. Desde modo, confróntanse o ámbito das vivencias e das emocións persoais cunha selección de intervencións onde se analiza –desde un punto de vista científico– como se produce e se instrumentaliza o medo desde a política e os *media*¹¹.



Muntadas, Antoni, *Situation #31*, Fotografía, Diasec, 75 x 100 cm., 2008. Fonte: Muntadas. *Estratexias do desprazamento*. 2018. Santiago de Compostela: Centro Galego de Arte Contemporánea

Chama a atención o contraste entre estes vídeos e as fotografías pertencentes á serie *Situation* (2008), tamén presentes a través dunha selección nesta exposición: estas últimas semellan unha interpretación aséptica dos “non lugares” de Marc Augé, eses espazos neutros da “sobremodernidade” onde o tránsito constante leva ao anonimato, á *indiferenciación*. Figuras en pasarelas, corredores ou salas de espera de aeroportos, en estruturas ou contedores rexidos pola ortogonal, recortadas sobre un fondo de paisaxe natural. Os dous vídeos anteriormente comentados poñen rostro, indagan nos sentimentos e emocións, e reconstrúen contextos específicos. *Situation* semella moito máis afín a esa “celebración postmoderna do nomadismo”, como Néstor García Canclini ten caracterizado a unha parte sustancial do pensamento sociolóxico e antropolóxico do cambio de milenio: “una reflexión que amontonaba los destierros, vagabundeos, migraciones, tribalismos urbanos y navegaciones por internet, olvidando las peculiaridades de cada uno”¹². Pero *Situation* tamén serve de testemuña

duns espazos polos que cada vez máis discorre o día a día de gran cantidade de persoas –entre elas o propio Muntadas–, marcadas polo imperativo do desprazamento, nun mundo cada vez máis globalizado, dunha cidade a outra.

Estratexias do desprazamento parece supoñer un enfoque novo na traxectoria de Antoni Muntadas, tal vez un cambio de ciclo. Aínda que continua a traballar coas mesmas ferramentas, características dos medios de masas, percibimos aquí unha actitude máis introspectiva e distante. O protagonismo da natureza foise facendo maior e a propia relación entre as tres pezas centrais da exposición lévanos á imaxe da viaxe cara a espazos naturais, cada vez máis desprendidos do elemento humano: a cidade de Venecia cando non hai xente polas rúas, o río Guadiana, ao seu paso por unha paisaxe humanizada pero despoboada, e o océano Atlántico visto desde o Cabo Fisterra. O protagonismo concedido na exposición a esta serie de vídeos indica con claridade a súa singularidade na traxectoria de Muntadas.

NOTAS

¹ Martín Prada, Juan. 2018. *El ver y las imágenes en el tiempo de internet*. Madrid: Akal. Especialmente, capítulo 2: "El tiempo de las imágenes", 25-38.

² Muntadas, Antoni. 2018. "Notas. Estratexias do desprazamento". En *Muntadas. Estratexias do desprazamento* (catálogo da exposición). Santiago de Compostela: Centro Galego de Arte Contemporánea, 9.

³ Chillida, Alicia. "Paisaxe do desprazamento". En *Ibid.*, 92. Nesta cidade italiana, Muntadas ten impartido nos últimos anos clase, como docente no Instituto Universitario de Arquitectura. Como indica a comisaria da mostra, ese

deambular nocturno e en silencio permitelle ao artista recuperar unha imaxe da cidade a partir da introspección, alleo aos fluxos abafantes do turismo.

⁴ Muntadas. En *Ibid.*, 9.

⁵ Crow, Thomas. 2001. *El Esplendor de los sesenta. Arte americano y europeo en la era de la rebeldía, 1955-1969*. Madrid: Akal, 56-57.

⁶ Bal, Mieke. 2016. *Tiempos trastornados: análisis, historias y políticas de la mirada*. Madrid: Akal.

⁷ Staniszevski, Mary Ann. 2002. "Una interpretación/traducción de los proyectos de Muntadas". *Muntadas. On Translation*. Barcelona: Museu d'Art Contemporani de Barcelona, 23.

⁸ *Ibid.*, 25.

⁹ Chillida, Alicia. 2018. "Paisaxe do desprazamento", en *Muntadas. Estratexias...*, *Op. Cit.*, 89.

¹⁰ Villaespesa, Mar. 2008. "Negra utopía: aproximación a On Translation: Fear Miedo". En *Muntadas: la construcción del miedo*. Granada, Las Palmas: Centro José Guerrero / Centro Atlántico de Arte Moderno, 93-94.

¹¹ *Ibidem*.

¹² García Canclini, Néstor. 2011. "De la diversidad a la interculturalidad". En García Caclini (coord.). *Conflictos interculturales*. Barcelona: Gedisa, 107.

